

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de decembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezaioito horas do día un de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1826).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1827).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE MELLORA CUBERTAS NOS PAVILLÓNS DE COIA, TRAVESAS E MONTE DA MINA. EXPTE. 8018/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 1.12.08, conformado pola xefa de fiscalización, do 1.12.08 e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Cometal Inpesa, S.L. a execución das obras acondicionamento e mellora das cubertas nos pavillóns de Coia, Travesas e monte da Mina (expte 8018-333). por un prezo total de 139.427,74. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezaioito horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.